

## *Grao en Dirección e Xestión Pública*

O Grao oficial en Dirección e Xestión Pública pretende proporcionarlle ao estudiantado unha base sólida de coñecementos básicos en ciencia política e da administración pública, dereito, economía, empresa, socioloxía, informática, estatística... orientados cara a xestión pública de xeito que os futuros graduados e graduadas coñezan a natureza e os métodos aplicables á xestión e administración pública na actualidade.

### *Datos básicos da titulación*

Campus: Pontevedra  
Centro: Facultade de Dirección e Xestión Pública  
Ámbito de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas  
Tipo de titulación: oficial  
Lingua de impartición: galego e castelán  
Número de créditos: 240 ECTS  
Duración: 4 cursos académicos  
Número de prazas: presencial (20 prazas) e virtual (25 prazas)  
Modalidades: presencial e virtual

### *Para máis información*

Web: [webfdxp.webs.uvigo.es](http://webfdxp.webs.uvigo.es)  
E-mail: [direccionygestionpublica@uvigo.gal](mailto:direccionygestionpublica@uvigo.gal)  
Tfno. e WhatsApp: +34 676 272 019



Universida de Vigo

Facultade de  
Dirección e  
Xestión Pública

Tfno. e WhatsApp: +34 676 272 019  
[webfdxp.webs.uvigo.es](http://webfdxp.webs.uvigo.es)

[uvigo.gal](http://uvigo.gal)



*Dirección e  
Xestión Pública*

Modalidade presencial e virtual

Universida de Vigo

Facultade de Dirección  
e Xestión Pública



## Grao en Dirección e Xestión Pública

### Acceso

#### Nº. de prazas

Oferta total: 45 prazas (20 na modalidade presencial e 25 na modalidade virtual).

#### Perfil de acceso

Recomendámoslle o acceso a este grao oficial ao estudantado con curiosidade por comprender todo o relacionado coas transformacións da sociedade, a política, a economía ou a administración pública e boa disposición para o razoamento abstracto. Valórase especialmente a capacidade de análise, a facilidade para separar as causas das consecuencias etc. Cabe sinalar que os alumnos e alumnas deberán ser persoas flexibles e capaces de enfrontarse a problemas non estruturados.

#### Mobilidade

Existen convenios con universidades españolas (programa SICUE), europeas (programa Erasmus) e latinoamericanas que posibilitan realizar estadias de estudos para completar a formación.

#### Prácticas profesionais

Habitualmente, o estudantado do grao realiza esta actividade en todas as administracións territoriais: Administración do Estado, Xunta de Galicia, Administración local e, en xeral en gran variedade de entes públicos e privados.

### Plan de estudos

O Grao en Dirección e Xestión Pública oferta un total de 240 créditos ECTS nas dúas modalidades (presencial e virtual).

O estudantado debe cursar 60 ECTS de formación básica, 126 ECTS de formación obrigatoria, 48 ECTS de formación optativa (elixiría entre unha oferta de 84 créditos) e 6 ECTS de traballo de fin de grao.

### Perfís profesionais e laborais

As saídas laborais dos graduados e graduadas en Dirección e Xestión Pública poden desenvolverse en:


- Administracións públicas do ámbito estatal (Administración Xeral do Estado), autonómico (Xunta de Galicia) e local (deputacións e concellos).
- Institucións públicas da Unión Europea, e outras que operan no ámbito internacional (organizacións internacionais, oficinas de cooperación ao desenvolvemento, etc.).
- Xestorías administrativas.
- Organizacións socio-políticas de representación de intereses (partidos políticos e coalicións; organizacións sindicais; cámaras oficiais de industria, comercio e navegación; colexios profesionais; federacións deportivas; asociacións e federacións de entidades empresariais (confederacións de empresarios/as, cámaras de comercio); organizacións do terceiro sector (comunidades de montes e de augas) e organizacións non gobernamentais (Cruz Vermella).
- Consultoras de recursos humanos, de calidade ou de comercio exterior.
- Axencias de colocación privada.
- Empresas de auditoría.
- Centros de investigación e formación de empresas.
- Empresas demoscópicas.



### Materias

	ECTS	Carácter	Cuadrimestre
<b>1º. curso</b>			
Ciencia política	6	FB	1. <sup>c</sup>
Ciencia da administración e xestión pública	6	FB	1. <sup>c</sup>
Economía pública	6	FB	1. <sup>c</sup>
Sistema político español	6	FB	1. <sup>c</sup>
Gobernanza, globalización e dereitos humanos	6	FB	1. <sup>c</sup>
Dereito administrativo I	6	FB	2. <sup>c</sup>
Institucións e políticas da Unión Europea	6	FB	2. <sup>c</sup>
Socioloxía xeral	6	FB	2. <sup>c</sup>
Políticas públicas	6	FB	2. <sup>c</sup>
Gobernos autonómicos	6	FB	2. <sup>c</sup>

	ECTS	Carácter	Cuadrimestre
<b>2º. curso</b>			
Dereito administrativo II	6	OB	1. <sup>c</sup>
Estatística administrativa	6	OB	1. <sup>c</sup>
Xestión de servizos públicos	6	OB	1. <sup>c</sup>
Dereito financeiro e tributario I: institucións e fontes	6	OB	1. <sup>c</sup>
Xestión de persoas: organización e funcións	6	OB	1. <sup>c</sup>
Xestión de recursos humanos: relacións de postos de traballo e ofertas de emprego público multinivel	6	OB	2. <sup>c</sup>
Xestión da documentación pública	6	OB	2. <sup>c</sup>
Dereito do traballo e da seguridade social	6	OB	2. <sup>c</sup>
Dereito financeiro e tributario II: xestión tributaria e sistema fiscal	6	OB	2. <sup>c</sup>
Economía do sector público	6	OB	2. <sup>c</sup>



	ECTS	Carácter	Cuadrimestre
<b>3º. curso</b>			
Métodos cualitativos de investigación social	6	OB	1. <sup>c</sup>
Dereito orzamentario	6	OB	1. <sup>c</sup>
Contabilidade financeira	6	OB	1. <sup>c</sup>
Xestión de proxectos institucionais	6	OB	1. <sup>c</sup>
Avaliación de políticas e servizos públicos	6	OB	1. <sup>c</sup>
Dirección pública profesional	6	OB	2. <sup>c</sup>
Habilidades nas administracións públicas	6	OB	2. <sup>c</sup>
Dirección pública nos gobernos locais	6	OB	2. <sup>c</sup>
Métodos cuantitativos de investigación social	6	OB	2. <sup>c</sup>
Contabilidade pública	6	OB	2. <sup>c</sup>

	ECTS	Carácter	Cuadrimestre
<b>4º. curso</b>			
Réxime xurídico da contratación do sector público	6	OB	1. <sup>c</sup>
Creatividade e solución de problemas nas organizacións públicas	6	OP	1. <sup>c</sup>
TIC nas administracións públicas	6	OP	1. <sup>c</sup>
Ética pública e transparencia	6	OP	1. <sup>c</sup>
Networking público: cooperación institucional e partenariado	6	OP	1. <sup>c</sup>
Goberno aberto, política e institucións	6	OP	1. <sup>c</sup>
Administración tributaria electrónica	6	OP	1. <sup>c</sup>
Márketing público e responsabilidade social institucional	6	OB	2. <sup>c</sup>
Xestión das redes sociais institucionais	6	OP	2. <sup>c</sup>
Estratexias de cooperación ao desenvolvemento sostible	6	OP	2. <sup>c</sup>
Socioloxía do xénero nas organizacións	6	OP	2. <sup>c</sup>
Xestión de datos nas administracións públicas	6	OP	2. <sup>c</sup>
Habilidades orientadas ao emprego nas organizacións públicas	6	OP	2. <sup>c</sup>
Prácticas externas	12	OP	2. <sup>c</sup>
Traballo de fin de grao	6	OB	2. <sup>c</sup>